

II CONVOCATORIA

AXUDAS DE INVESTIGACIÓN DA AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA CICA-INIBIC 2020:
AXUDAS PARA PUBLICACIÓN EN ABERTO PARA O PERSOAL DOS GRUPOS DA AGRUPACIÓN
ESTRATÉXICA CICA-INIBIC

RESUMO DE DATAS

Período de publicación dos artigos	1 de xaneiro a 10 de outubro de 2020
Fin prazo presentación de solicitudes	19 de xuño de 2020 (1ª prazo) 15 de setembro de 2020 (2ª prazo)

Contido

PREÁMBULO.....	3
1. OBXECTIVOS DA CONVOCATORIA	4
2. ORZAMENTO.....	4
3. NATUREZA E CONTÍA.....	4
4. SOLICITANTES.....	4
5. FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES	5
6. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES	5
7. AVALIACIÓN E SELECCIÓN: Criterios de avaliación.....	5
8. RESOLUCIÓNS E ALEGACIÓNS.....	6
9. DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA PARA O PAGAMENTO	6
ANEXO I: GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DA AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA CICA-INIBIC	7
ANEXO II: FORMULARIO DE SOLICITUDE	8
ANEXO III: DECLARACIÓN DE TER OU NON OUTRAS AXUDAS.....	9

II CONVOCATORIA

AXUDAS DE INVESTIGACIÓN DA AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA CICA-INIBIC 2020: AXUDAS PARA PUBLICACIÓN EN ABERTO PARA O PERSOAL DOS GRUPOS DA AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA CICA-INIBIC

Financiadas polas axudas para Agrupacións Estratéxicas da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia: Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC (nº expediente ED431E 2018/03) ([RESOLUCIÓN do 24 de outubro de 2018. DOG Núm. 210. Luns, 5 de novembro de 2018. Páx. 47950](#)).



Estas axudas, segundo a modificación da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e normas tributarias, están exentas deste imposto.

PREÁMBULO

Desde o nacemento da Universidade da Coruña, as áreas da Bioloxía e da Química son unhas das áreas de especialización máis importantes da UDC, tal e como o demostra a existencia de diversas titulacións e especialidades, que até foron potenciadas recentemente coa posta en marcha do Dobre Grao de Simultaneidade de Química e Bioloxía. Co fin de potenciar á investigación nas ditas áreas, no ano 2010 iniciouse a construción dun novo centro de investigación, o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA). Desde o ano 2016 o CICA funciona como un centro de investigación da UDC centrado en catro liñas mestras relacionadas coas áreas da biotecnoloxía, a biomedicina, o medio ambiente e os novos materiais.

Por outra banda, o Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC) é un Instituto de Investigación Sanitario (IIS) constituído pola Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde (SERGAS), a Universidade da Coruña (UDC) e a Fundación Profesor Novoa Santos. Está acreditado desde o 10/03/2015 pola Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, a proposta do Instituto de Saúde Carlos III e da Consellería de Sanidade conforme ao RD 339/2004. Compóñeno os grupos de investigación da Área de Xestión Integrada da Coruña e da Universidade da Coruña e busca crear un marco de colaboración estable que integre a investigación básica e clínica.

Como unha das liñas prioritarias do CICA é a investigación en biomedicina e varios dos seus grupos xa tiñan relación co Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC), a UDC decidiu apostar por unha agrupación entre o CICA e o INIBIC para permitir que a colaboración sexa máis eficaz, reunindo ademais recursos vitais para o bo funcionamento dos grupos.

Neste marco, en novembro de 2015 a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia concedeu unha axuda á Agrupación Estratéxica (AE) CICA-INIBIC (AGRUP 2015/05), renovada posteriormente en 2018 (ED431E 2018/03). Un dos obxectivos que fomenta é o de aumentar o grado de internacionalización e excelencia da investigación.

Entre as accións sinaladas na solicitude da Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC 2018 está a 4.3.3., na que se indica que se *fará a publicación en aberto de artigos Q1/D1 financiados polos fondos da AE*. Esta acción enmárcase no 4.3 *Plan de visibilización de las publicacións científicas*, dentro do EIXE 4: *Visibilización, promoción e marketing*.

1. OBXECTIVOS DA CONVOCATORIA

Facilitar que o persoal investigador da Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC difunda os seus resultados de investigación mediante a súa publicación en revistas en aberto de pago, aumentando así a súa visibilidade e a da propia AE.

Tamén se pretende que cumpran coa obriga de publicar neste tipo de revistas por parte de algunhas convocatorias de financiamento de proxectos.

Por outra banda, quérese aumentar a porcentaxe das publicacións Q1 e D1 da AE.

2. ORZAMENTO

Estas axudas financiaranse con cargo á partida orzamentaria 6100242804 541A 64902. O orzamento máximo dedicado a esta actividade é de **5.000,00 €** (en caso de dispoñibilidade orzamentaria podería incrementarse).

Concederanse como máximo **8 axudas de 625 € cada unha**, 4 en cada un dos prazos establecidos (ver apartado 6). Se non hai solicitudes suficientes que cumpran os requisitos no primeiro prazo, unha ou varias das 4 axudas que non se concedan, poderán pasar a segunda fase.

3. NATUREZA E CONTÍA

- Estas axudas están destinadas unicamente a compensación, **mediante material funxible e pequeno inventariable, do importe parcial de gastos de publicación en aberto** de artigos que se publiquen en revistas que estean listadas no último JCR publicado dentro do primeiro cuartil e primeiro decil. Os artigos deben ser polo tanto **Q1 e D1**.
- A data de publicación dos artigos deberá estar comprendida entre o **1 de xaneiro e o 10 de outubro de 2020** (debido ao período de xustificación da axuda e prazos internos de tramitación).
- En todo caso, os gastos que se imputen a esta axuda non poderán ser xustificadas noutros proxectos, fondos,...
- Esta axuda é **INCOMPATIBLE** con calquera outra concedida para a mesma finalidade, entre elas as concedidas pola UDC ou polo INIBIC.
- Non se financiarán publicacións que deriven de proxectos europeos que teñan recoñecido financiamento específico para este mesmo fin (gastos de publicacións en aberto).
- Só se concederá unha axuda por cada grupo solicitante, a non ser que se dispoña de crédito.

4. SOLICITANTES

Para poder participar nesta convocatoria os solicitantes deberán:

- Formar parte dun grupo de investigación que pertenza a AE CICA-INIBIC (Anexo I páxina 7).
- Figurar no catálogo de investigación da UDC ou formar parte dos grupos do INIBIC.
- Aparecer como autor correspondente da publicación.

Non terán a condición de solicitantes os colaboradores externos dos grupos que integran a Agrupación. As publicacións ademais deberán incluír na súa filiación o CICA (só no caso dos grupos adscritos ao CICA) e/ou INIBIC (só no caso dos grupos adscritos ao INIBIC).

En próximas convocatorias, no ano 2021 e posteriores, será requisito ademais que a Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC figure tamén na filiación segundo a normativa que se fará pública en próximas datas.

5. FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

Para a presentación das solicitudes deberase achegar (as copias NON terán que ser compulsadas):

- Anexo II: Formulario de solicitude.
- Documento completo a publicar ou enlace á publicación.
- Nome da revista.
- Aceptación da publicación por parte da revista (se aínda non se publicou).
- Coste da publicación (orçamento) ou factura, con data posterior ao 1 de xaneiro de 2020, onde figure a cantidade xa pagada. Deberá ir a nome do solicitante.
- Documento xustificativo no que se acredite ser pai/nai de fillos/as menores de 3 anos (se procede) (deberá cumprirse no momento da solicitude da axuda).
- Anexo III: declaración de ter ou non outras axudas para o mesmo fin (cadro A ou B).

6. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

- Establécense dous prazos de presentación de solicitudes:
 - **19 de xuño de 2020 ás 14:30h.** Para artigos con data de publicación entre o 1 de xaneiro e o 31 de maio de 2020.
 - **15 de setembro 2020 ás 14:30h.** Para artigos con data de publicación entre o 1 de xuño e o 10 de outubro de 2020.
- A documentación poderá enviarse por calquera dos seguintes medios:
 - o Por correo electrónico a: cica@udc.gal
 - o Por correo postal (dirección: CICA. As Carballeiras, s/n, Campus de Elviña. 15071 A Coruña).
 - o Entrega presencial no CICA (As Carballeiras, s/n, Campus de Elviña. 15071 A Coruña) en horario xeral de 8:30 a 14:30 h e de 9:15 a 14:15 h do 1 de xuño ao 30 de setembro.

Na documentación que presente por calquera dos medios admitidos deberá indicar obrigatoriamente: **"Axudas publicacións en aberto AE CICA-INIBIC 2020"**.

7. AVALIACIÓN E SELECCIÓN: Criterios de avaliación

- Avaliaranse todas as solicitudes que se reciban nun prazo non superior a 20 días que se contará a partir da data de remate de presentación das solicitudes de cada un dos prazos.
- No caso de que o crédito destinado para estas axudas non sexa suficiente para atender todas as solicitudes aceptadas terán **prioridade**:
 1. Os grupos solicitantes que non disfrutasen desta axuda na convocatoria anterior ou nesta mesma convocatoria no primeiro prazo.
 2. Percentil máis alto na área, coas tres cifras decimais, no JCR.
 3. Índice de impacto.
 4. Financiarase unha publicación de cada área da AE (Biomedicina, Biotecnoloxía, Medio ambiente e Novos materiais). Se nalgunha das áreas non fose financiada ningunha publicación, a/as axuda/s poderá/n pasar a outra área.

- No caso de **empate**, teranse en conta as seguintes cuestións:
 - Número de autores da AE sobre o total de autores da AE que aparezan na publicación con conta ORCID activa e actualizada a 2020. Maior puntuación cantos máis autores teñan unha conta ORCID activa. Até 10 puntos.
 - As persoas solicitantes con fillos/as menores de 3 anos obterán 10 puntos.
 - As persoas que participen activamente na Agrupación obterán até 10 puntos. De mais a menos puntuación:
 - 6 puntos: por participar en actividades organizadas pola AE CICA-INIBIC (seminarios, cursos de formación, actividades de divulgación científica, happy hours, etc.) tanto como poñente como asistente.
 - 5 puntos: por realizar proxectos con outro/s grupo/s da AE CICA-INIBIC, incluídas as solicitudes das convocatorias públicas.
 - 4 puntos: por enviar as memorias para a xustificación da axuda da AE CICA-INIBIC e os datos que se soliciten no prazo requirido.
 - 3 puntos: por poñer a disposición doutros grupos da AE CICA-INIBIC as infraestruturas e equipos de análise propios.
 - 3 puntos: por participar en comités ou reunións da AE CICA-INIBIC.

8. RESOLUCIÓN E ALEGACIÓN

Publicación das solicitudes admitidas/excluídas: na web do CICA (cica.udc.gal/gl/convocatorias). As solicitudes pendentes de completar documentación disporán de 3 días naturais, a partir da data de publicación, para emendar a solicitude. No caso de non o facer, considerarase desistida na súa petición.

Publicación da resolución: na web do CICA (cica.udc.gal/gl/convocatorias).

9. DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA PARA O PAGAMENTO

Como o pagamento se realizarar como compensación, **mediante material funxible e pequeno inventariable**, do importe parcial de gastos de publicación en aberto de artigos, deberán enviarse un ou varios orzamentos deste tipo de material unha vez que a axuda sexa concedida á dirección cica@udc.gal

Seguiranse as instrucións a este respecto por parte do personal da oficina de xestión da AE/CICA.

ANEXO I: GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DA AGRUPACIÓN ESTRATÉXICA CICA-INIBIC

1. Bioenxeñaría Ambiental e Control de Calidade (BIOENGIN)
2. Bioloxía Costeira (BIOCOST)
3. Diagnóstico condutual e molecular aplicado á saúde (DICOMOSA)
4. Enfermidades Cardiovasculares e Metabólicas
5. Envellecemento e Inflamación (ENVEINF)
6. Enxeñaría Química Ambiental (EnQA)
7. Estudio e Aplicacións das Microalgas (MICROALGAE)
8. Enfermidades Endócrinas, Nutricionais e Metabólicas (FENM)
9. Fisioloxía e Aplicacións das Plantas (FISAPLANT)
10. Grupo de Investigación en Bioloxía Evolutiva (GIBE)
11. Grupo de Investigación en Cambio Ambiental (GRICA)
12. Grupo de Investigación en Microbioloxía
13. Grupo de Investigación en Reumatoloxía (GIR)
14. Grupo de Investigación Traslacional en Comunicación e Sinalización Celular (CellCOM)
15. Metais no Medio Ambiente e Medicina (METMED)
16. Neuroanatomía de Vertebrados (NEUROVER)
17. Neurociencia e Control Motor (NEUROcom)
18. Plasticidade Epitelial e Metástase (EPMET)
19. Química Analítica Aplicada (QANAP)
20. Química Molecular e de Materiais (QUIMOLMAT)
21. Reactividade Química e Fotorreactividade (REACT!)
22. Regulación da Expresión Xénica e Aplicacións (EXPRELA)
23. Terapia Celular e Medicina Rexenerativa (TCMR)
24. Xenética de Organismos Mariños (XENOMAR)
25. Xestión Sostible dos Recursos Hídricos e do Solo (AQUATERRA)

ANEXO II: FORMULARIO DE SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS		NOME	
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO		
GRUPO DA AGRUPACIÓN AO QUE PERTENCE			

TÍTULO DO ARTIGO, NOME DA REVISTA E ENLACE AO MESMO (SE XÁ ESTÁ PUBLICADO)

--

IMPORTE DO GASTO DE PUBLICACIÓN

DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA A ESTA SOLICITUDE (as copias NON terán que ser compulsadas):

- Copia do texto do artigo publicado/a publicar
- Copia do orzamento ou factura
- Documento xustificativo no que se acredite ser pai/nai de fillos/as menores de 3 anos (se procede) (deberá cumprirse no momento do inicio da estadia).
- Anexo III: declaración de ter ou non outras axudas para o mesmo fin (cadro A ou B).

A Coruña, de de 2020
(sinatura do/a solicitante)

Asdo.:

ANEXO III: DECLARACIÓN DE TER OU NON OUTRAS AXUDAS

(Cadro A) Declaración doutras axudas solicitadas/concedidas para o mesmo fin:

Organismo	Data de solicitude/concesión	Estado (solicitado/concedido)	Importe (€)
Total			
Sinatura do/a declarante/solicitante,			
Asdo.:			

(Cadro B) Declaración de non ter solicitadas/concedidas outras axudas para o mesmo fin:

<p>D./D.^a (Nome e apelidos) _____</p> <p>como solicitante dunha das "Axudas publicación en aberto para o persoal dos grupos da Agrupación Estratégica CICA-INIBIC" declaro que:</p> <p>Non solicitei nin se me concederon axudas para a mesma finalidade.</p> <p style="text-align: center;">Sinatura do/a declarante/solicitante,</p> <p style="text-align: center;">Asdo.:</p>
--

O/a solicitante manifesta que son certos os datos desta solicitude e comprométese, caso de obter a bolsa, a cumprir as condicións que se especifican nas bases da convocatoria.

A Coruña, de de 2020
(sinatura do/a solicitante)